

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 18 DE XANEIRO DE 2021  
POLA QUE SE REGULA A ACCIÓN POSITIVA APROBADA NO  
CONSELLO DE GOBERNO DO 29 DE ABRIL DE 2019, PARA  
INCLUIR NAS CONVOCATORIAS PROPIAS DE DOCENCIA,  
INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA NA UNIVERSIDADE DE  
VIGO**

O obxecto da presente resolución é regular a entrada en vigor da Acción Positiva aprobada en Consello de Goberno do 29 de abril de 2019, que afecta a todas as convocatorias propias de docencia, investigación e transferencia da Universidade de Vigo.

Esta resolución responde á *Carta Internacional de los derechos humanos de las mujeres* da Convención sobre a eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW) aprobada pola Asemblea Xeral en 1979, ratificada por España en 1984 que subliña que as accións afirmativas non se considerarán discriminatorias e as define no artigo 4.1º como “medidas especiais de carácter temporal encamiñadas a acelerar a igualdade de facto entre o home e a muller”. Tamén avanza no recollido na lei 14/2011 de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación no seu apartado cuarto da súa Disposición adicional décimo terceira, relativa á implantación da perspectiva de xénero no ámbito científico, e na acción 4.4.1. do III Plan de Igualdade da Universidade de Vigo (2020/2024) “Promover, na medida do posible, a inclusión de medidas de acción positiva nos criterios de promoción profesional da universidade, sempre respectando os criterios de calidade e competencia”.

Segundo o Comité para a Igualdade entre Homes e Mulleres do Consello de Europa, a **acción positiva** defínese como unha estratexia temporal que permite corrixir aquelas discriminacións que son o resultado de prácticas ou de sistemas sociais, desenvolvendo o principio de igualdade de oportunidades, co fin de corrixir as desigualdades de orixe. En España, a acción positiva está contemplada na Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

**ÁMBITO DE APLICACIÓN DA ACCIÓN POSITIVA**

As medidas de acción positiva a implementar nas convocatorias de avaliación do PDI na Universidade de Vigo van dirixidas a:

**1º: Toda investigadora da Universidade** de Vigo terá dereito a solicitar que a avaliación da súa produción científica, docente ou de transferencia sexa equivalente ao promedio acadado por ela nos cinco anos anteriores ao terse atopado nalgunha das seguintes situacións, polo tempo de duración das mesmas e ata a convocatoria de avaliación inmediatamente posterior á súa finalización:

- a) Crianza de fillo/a ata que acade os seis anos de idade.
- b) Coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que non poda valerse por si mesmo a causa da súa avanzada idade, de accidente ou de enfermidade graves.
- c) Atención psicolóxica prescrita por sufrir violencia de xénero.

**2º:** O dereito previsto no parágrafo anterior poderá estenderase a **todo investigador** da Universidade de Vigo que obtivese un permiso ou unha excedencia por razón dos supostos descritos nos apartados a) e b), previo informe favorable da Unidade de Igualdade e polo tempo de duración do devandito permiso ou excedencia, ata a convocatoria de avaliación inmediatamente posterior á súa finalización.

**3º:** Previo informe favorable da Unidade de Igualdade, poderase axustar o período de desfrute do dereito establecido no parágrafo primeiro en función doutras variables non previstas.

## **FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES**

As solicitudes deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

- a) Solicitude da acción positiva, vinculada a una convocatoria propia de docencia, investigación ou transferencia a que se presenta. (**Anexo I**)
- b) Fotocopia do Libro de Familia ou escrito responsable que certifique a situación á que se acolle. Deberá presentarse o Libro de Familia orixinal, no caso de que así sexa solicitado para verificar a fotocopia presentada.

c) No caso necesario, escrito destinado á Unidade de Igualdade, no que se expoña a situación segunda ou terceira a fin de obter un informe favorable da Unidade. **(Anexo II)**

## **AVALIACIÓN E RESOLUCIÓN**

As solicitudes serán avaliadas pola Comisión encargada da convocatoria e, no seu caso, pola Directora da Unidade de Igualdade ou unha representante da mesma. por un Comité formado pola/o Vicerreitora/o responsable da convocatoria propia para a que se solicite a aplicación da Acción Positiva ou unha persoa representante da/o mesma/o e/ou pola Directora da Unidade de Igualdade ou unha representante da mesma.

O Reitor